

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o día 30 de setembro de 2009, na sala de xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese.

- \* Aprobación de comisión de servizos.
- \* Aprobación de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.
- \* Estimación do recurso de alzada presentado por Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da E.U. de Estudos Empresariais.
- \* Concesión dun prazo para intentar resolver de mutuo acordo o tema obxecto de recurso de alzada, presentado por D. Eloy García López contra o acordo do Consello de Departamento de Dereito Público de 14 de maio de 2009 de aprobación de saída a concurso dunha praza de profesor contratado doutor na área 135 e maila respectiva comisión específica de área.
- \* Desestimación do recurso de alzada presentado por D. Humberto Michinel Álvarez e dezaoito profesores máis contra o acordo adoptado pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias de Ourense na súa reunión extraordinaria do 23 de xuño de 2009 sobre a transformación da licenciatura de Física.
- \* Desestimación do recurso de alzada presentado por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez, D. Diego González Salgado e D. Daniele Tommasini contra o acordo adoptado pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias de Ourense na súa reunión extraordinaria do 23 de xuño de 2009 sobre a transformación da licenciatura de Física.
- \* Aprobación da execución da sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo número 1 de Vigo de 14 de xaneiro de 2003 que anula o acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo de 12 de novembro de 2001 polo que se aprobou a saída a concurso de cátedras de I+D.
- \* Aprobación da remisión de propostas de extinción de impartición dos títulos de Seguridade Integral na Industria e Contabilidade e Finanzas.
- \* Aprobación da creación das direccións do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO) e do Módulo Tecnolóxico Industrial (MTI).
- \* Aprobación da convocatoria do programa DOCENTIA de avaliación da actividade docente.
- \* Aprobación dos seguintes convenios: Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo para a cofinanciamento do proxecto NANOBIOEMED (CONSOLIDER-INGENIO 2010) – Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e materias de estudos universitarios – Addenda ao Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Zaragoza e a Universidade de Vigo, relativa á distribución da cuarta anualidade dos fondos do proxecto NANOBIOEMED (CONSOLIDER-INGENIO 2010) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Antofagasta – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade de Antofagasta (Chile) para o intercambio de estudantes.

Vigo, 1 de outubro de 2009  
A secretaria xeral



Esther M<sup>a</sup> González Pillado